

## **ORDENANZA FISCAL NUMERO T7**

### **Taxa por expedición de documentos administrativos a instancia de parte.**

#### ***Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.***

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1 B, ambos do Real Decreto Legislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por documentos que expidan ou de que entendan a Administración e autoridades Locais a instancia de parte, que se rexirá pola presente Ordenanza.

#### ***Artigo 2º. Feito Impoñible.***

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.
2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora promovida polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non houbera mediado solicitude expresa do interesado.
3. Non estará suxeita a esta Taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias nin os expedientes de devolución de ingresos indebidos.

#### ***Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.***

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resuten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades descritas no artigo 2º desta Ordenanza.
2. Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:
  - a) Solidariamente as persoas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
  - b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

#### ***Artigo 4º. Exencións Subxectivas.***

Gozarán de exención aqueles contribuintes en que conorra algunha das seguintes circunstancias.

1. Os escritos que presenten ou soliciten do Concello os membros da Corporación no exercicio das súas funcións como concelleiros, sempre que tales escritos ou documentos se refiran a asuntos de interese municipal e alleos ós particulares de ditos concelleiros ou os seus familiares.
2. Certificacións de todo tipo, cando o solicitante sexa pensionista ou persoa en desemprego, ou forme parte dunha familia numerosa, previa acreditación documental destes extremos ( D.N.I., tarxeta de desempregado,carnet de familia numerosa).
3. Calquera outro que por leis ou regulamentos especiais estean exentos.

#### **Artigo 5º. Cota Tributaria.**

1. A cota Tributaria da taxa regulada nesta Ordenanza consistirá na cantidade fixa ou tarifa que corresponda segundo o tipo de documento ou actividade que en cada caso se trate, das expresadas no numero segundo deste artigo. A cota tributaria corresponderá, en todo caso, á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.
2. As cantidades fixas ou tarifas ás que se refire o apartado anterior son as seguintes:

#### **Epígrafe primeiro.Expedición de documentos.**

- |   |             |
|---|-------------|
| a) Por expedición de documentos non incluídos noutros epígrafes,cantidade fixa de | 3,91- euros |
| b) Por visado ou compulsas,tarifa por cada páxina de                              | 2,33- euros |
| c) Por bastanteos,  | 3,91- euros |

#### **Epígrafe Segundo. Licencias.**

- |  |               |
|--|---------------|
| a) Por licencia ou permiso de aperturas ou traslado,traspaso de establecementos, comerciais ou profesionais,taxa fixa de | 15,67.- euros |
| b) Por toda licencia de obra de nova pranta  |               |
| Edifícios dunha pranta, cantidade fixa de  | 15,67.- euros |
| Edifícios de dúas prantas, cantidade fixa de   | 31,40.- euros |
| Edifícios de tres prantas, cantidade fixa de   | 47,13.- euros |
| Edifícios de catro prantas, cantidade fixa de  | 62,85.- euros |
| Edifícios de máis de catro prantas, cantidade fixa de  | 78,61.- euros |

- c) Por toda licencia de reforma, mellora ou reparacions en xeral, cantidade fixa de 7,81.- euros
- d) Todo expediente para calquera clase de concesión de licencia, cantidade fixa de 7,81.- euros
- e) Toda licencia para uso de megafonía previa solicitude, para fins publicitarios, cantidade fixa de 3,91.- euros

- f) Toda licencia para distribucions de octavillas con fins publicitarios (previa solicitude), cantidade fixa de 7,81.- euros

**Epígrafe Terceiro: Documentos relativos ó servizo de urbanismo.**

1. Por cada expediente de declaración de ruina, cantidade fixa de 15,67.- euros
2. Por cada informe que se expida sobre as características do terreo ou consulta a efecto de edificación a instancia de parte 3,91.- euros
3. Por cada expediente de concesión de instalación de rótulo y letrero 1,54.- euros
4. Por cada valoración ou peritación de danos por incendios, etc., emitido polo aparellador municipal 1,54.- euros
5. Por consulta sobre as ordenanzas de edificación 1,54.- euros
6. Por cualificacións urbanísticas 3,91.- euros

**Epígrafe quinto: Expedición de copias de atestados.**

- Pola expedición de copias de atestados da Policía Local a favor de particulares, por cada copia 78,61.- euros

**Epígrafe sexto: Servizo de asistencia en consultas catastrais.**

- Pola asistencia na consulta do primeiro ben inmovible 3,91.- euros
- Pola asistencia na consulta do segundo ó quinto ben inmovible, por cada un 3,10.- euros
- Pola asistencia na consulta do sexto ó décimo ben inmovible, por cada un 2,34.- euros
- Pola asistencia na consulta do décimoprimeiro inmovible en adiante, por cada un 1,54.- euros

**Epígrafe sétimo: Servizo de Reprografía.**

- Por cada folla fotocopiado en tamaño DIN A 4 . 0,08, euros.
- Por cada folla fotocopiado en tamaño DIN A 3 1,15, euros.

3. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o dereito á percepción.
4. Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas tributarias establecidas nesta Ordenanza.

### ***Artigo 6º. Dereito á percepción da taxa.***

1. Terase dereito á percepción da taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.
2. Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º o dereito á percepción prodúcese canto teña lugar as circunstancias que produzan a actuación municipal de oficio ou cando ésta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

### ***Artigo 7º. Normas de xestión.***

1. A taxa regulada por esta Ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento de impresión do seu importe no escrito de solicitude de tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.
2. Os escritos recibidos polos conductos a que se fai referencia no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do Procedemento Administrativo común, que non veñan debidamente reintegrados serán admitidos provisionalmente, pero non poderá darselles curso, sen que se subsane a deficiencia, para o que se requerirá ó interesado co fin de que no prazo de dez días, aboe as cotas correspondentes con apercibimento de que, transcurrido dito prazo sen efectualo, se teran os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

### ***Artigo 8º. Infraccións e defraudacions.***

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

### **Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de 9 de novembro de 2011 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011